

**ASEMBLEA XERAL ORDINARIA FEGAN – 9 DE XULLO 2025**

**Exclusivamente para Asembleístas**

**SO SE DEBATERÁN EN ASEMBLEA AS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE NORMATIVAS E CALENDARIOS  
ENVIADAS POR ESCRITO ANTES DO LUNS 30 DE XUÑO ÁS 20:00 H**

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN**

**\*AS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE CALENDARIO OU DE NORMATIVA DE COMPETICIÓN, DEBERÁN IR ACOMPAÑADAS DO CALENDARIO OU DA NORMATIVA COMPLETA.**

**ASUNTO:**

**Circular 25-02. Importes Axudas de Custo, Quilometraxe e Outros**

**ONDE DI:**

**Xerais**

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaranse 0,23 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establécese en 15 euros.

**PROPONSE CAMBIAR POR:**

**Xerais**

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaranse 0,23 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establécese en **20 euros**.

**RAZOAMENTO:**

O aumento da indemnización por comida de 15€ a 20€ está plenamente xustificado pola evolución dos prezos e as condicións reais do custo de vida. A inflación acumulada nos últimos anos, especialmente nos sectores da hostalería e a restauración, fixo que cun importe de 15€ resulte cada vez máis difícil acceder a un menú completo nunha gran parte dos establecementos, especialmente nas zonas urbanas e nas contornas máis habituais de traballo institucional ou profesional.

Este incremento non supón un luxo, senón unha recuperación do prezo establecido previamente que é realista e razoable para garantir unha dieta equilibrada en condicións dignas durante a xornada de competición. Ademais, contribúe a evitar desigualdades territoriais, xa que o prezo medio dos menús é moi superior aos 15€ en moitas cidades galegas.



**Federación Galega  
de Natación**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**DEPORTE  
GALEGO**

**OSCAR DIEGUEZ REINALDO**  
**78.737.442-R**